

destinado ao financiamento das subvencións que ao abeiro dela poderán ser concedidas aos seus solicitantes, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias, que se tramitarán como modificacións dela.

En consecuencia, e ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar de novo o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2007 destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 19 de febreiro de 2007, na contía adicional de 841.425 €, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posible en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2007 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 19 de marzo de 2007, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias:

05.31.312A.481.1 por importe de 241.425 €.

05.31.312A.481.3 por importe de 600.000 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

### Disposición derradeira.

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2007.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 29 de agosto de 2007 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 24 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.*

En virtude das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribuídas polo Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de acordo co disposto no artigo 11 da Orde do 24 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega, e no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, procédese á publicación das subvencións concedidas por Resolución do 14 de agosto de 2007 do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A relación de subvencións concedidas atópase no anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

### ANEXO

Concesión de axudas ás seguintes entidades locais de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.151A460.0  
A Coruña

Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Abegondo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Ames	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Aranga	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ares	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Arteixo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Arzúa	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Baña (A)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Betanzos	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Boiro	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Boqueixón	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Cabana de Bergantiños	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	2.000
Camariñas	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Carballo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Carnota	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Cee	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Corcubión	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	3.000
Coruña (A)	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	10.000
Dodro	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Dumbría	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Fene	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Ferrol	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	30.000

Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Laracha (A)	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Laxe	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Mancomunidade Municipios Arousa-Norte	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Mancomunidade Serra do Barbanza	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Melide	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Mesía	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Miño	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Mugardos	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Muros	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Muxía	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Noia	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	2.500
Oleiros	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ordes	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Oroso	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ortigueira	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ponteceso	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Pontedeume	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Pontes de García Rodríguez (As)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Ribeira	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Rois	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Sada	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Santa Comba	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Santiago de Compostela	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	30.000
Santiso	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Teo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Toques	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Val do Dubra	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	2.500
Valdoviño	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Vedra	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Vimianzo	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500

## Lugo

Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Barreiros	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Castro de Rei	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Cervo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Chantada	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Foz	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Lugo	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	30.000
Monforte de Lemos	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Monterroso	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	8.000
Muras	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Palas de Rei	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	7.000
Paradela	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	1.500
Páramo (O)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Pobra do Brollón (A)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	1.000
Pol	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	1.500
Rábade	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	4.500
Ribas de Sil	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Vicedo (O)	Desenvolvemento de campañas de normalización e emprego do galego nos documentos e instrumentos ofimáticos empregados pola Administración local	2.000
Vilalba	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500

## Ourense

Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Allariz	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	8.000
Barco de Valdeorras (O)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	1.500
Carballeda de Avia	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Carballiño (O)	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Castro Caldelas	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Consortio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	2.500
Cualedro	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Deputación Provincial	Mantemento do servizo provincial de normalización lingüística	40.000
Entrimo	Desenvolvemento de campañas de normalización e emprego do galego nos documentos e instrumentos ofimáticos empregados pola Administración local	1.000
Esgos	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	1.000
Leiro	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Lobeira	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Maside	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Montederramo	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Muñíos	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Nogueira de Ramuín	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ourense	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	10.000
Parada de Sil	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Peroxa (A)	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	4.500
Piñor	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Ribadavia	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000

Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Rubiá	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
San Cibrao das Viñas	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Sandiás	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Toén	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	4.000
Veiga (A)	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Verín	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Vilar de Santos	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	3.500
Pontevedra		
Entidade local	Modalidade de axuda	Concedido
Baiona	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Barro	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	1.000
Bueu	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Cambados	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Campo Lameiro	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	4.000
Cangas	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Cañiza (A)	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Catoira	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Entidade Local Menor de Queimadelos	Desenvolvemento de campañas de normalización e emprego do galego nos documentos e instrumentos ofimáticos empregados pola Administración local	1.000
Estrada (A)	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Grove (O)	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	8.000
Moaña	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Mos	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	5.500
Ponteareas	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.500
Pontevedra	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	30.000
Porriño (O)	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Redondela	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	4.500
Tomíño	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Vigo	Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local	9.000
Vilagarcía de Arousa	Mantemento do servizo municipal de normalización lingüística	9.000
Vilanova de Arousa	Creación do servizo municipal de normalización lingüística	5.000
Total		799.000

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 28 de agosto de 2007 pola que se fai pública a convocatoria de trinta prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo.*

Sendo necesario para o normal funcionamento dos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo a colaboración en todas as tarefas de orde interno e actividades de residencia, relacionadas co desenvolvemento de accións formativas e de convivencia dos residentes; e en uso das facultades que ten conferidas esta consellería,

### DISPÕÑO:

Primeiro.

1. Convócanse 30 prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, dependentes da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da forma que a seguir se relaciona:

CRD A Coruña: 18 prazas.

CRD Ourense: 6 prazas.

CRD Vigo: 6 prazas.

2. A duración da praza concedida comprenderá o período correspondente ao curso escolar 2007/08.

3. O concesionario da praza de bolseiro non poderá realizar, mentres a disfrute, ningún tipo de traballo remunerado, aínda que poderá facela compatible con outras axudas.

Segundo.-Para optar á praza será preciso que concurren ou se acrediten, se é o caso, os seguintes requisitos:

a) Ser español, calquera que sexa o título xurídico polo que posúa a nacionalidade española.

b) Non estar en posesión do título académico que habilita para actividades profesionais, a menos que este título supoña un nivel ou grao inferior ao dos estudos que pretende realizar.

c) Ter cumpridos, como mínimo, dezaioito anos.

d) Estar inscrito ou matriculado no curso 2007/08, nun centro oficial universitario; a distancia do centro ao residencial docente no que deberá residir e os medios de comunicación entre ambos os dous deberalle permitir ao bolseiro o normal cumprimento das súas obrigas.

e) O estado de saúde do colaborador bolseiro deberá permitir o normal desenvolvemento na vida docente da residencia.

Terceiro.

1. Os aspirantes deberán presentar os seguintes documentos:

a) Instancia dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, segundo o modelo que figura no anexo a esta orde.

b) Unha fotografía tamaño carné.

c) Fotocopia do DNI.

d) Documento acreditativo de estar inscrito ou matriculado como alumno oficial de facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario.